

CUESTIONARIO SOBRE A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

1. Por que se di que as linguas teñen unha función social? Busca información sobre as distintas funcións que pode ter unha lingua.
2. Dúas linguas que comparten territorio , en que situación viven normalmente?: de bilingüismo ou de diglosia? Explica a resposta.
3. Danse entre os galegos estereotipos e prexuizos lingüísticos? En caso afirmativo, cales son? A que etapa se remonta a súa orixe e por que xorden?
4. Saberías explicar a diferenza entre normalización e normativización? (O segundo concepto non está na teoría; intenta deducilo).
5. En que se diferencia unha lingua minorizada dunha minoritaria? Pode unha lingua minoritaria ser a lingua dominante dentro dun territorio? Pode unha lingua maioritaria no seu territorio estar minorizada? Pon un exemplo.
6. Podemos dicir que o galego ten normalizado o seu uso hoxe en día? Razoa a desposta.
7. É moi frecuente que nun estado haxa varias linguas? En caso de resposta afirmativa, explica as causas.
8. Dúas linguas compartindo espazo conviven sempre pacificamente? Explica por que.
9. Os primeiros intentos de normativización producíronse no Rexurdimento? Explica a resposta.
10. Depende a minorización dunha lingua do número de falantes? Explica por que.
11. O proceso de normalización depende da conciencia individual dos falantes? De que outros sectores cres que pode depender?
- 12.- Que cres que necesita unha lingua para conseguir un maior prestixio e presenza social?